

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 09/07/1974**

**Colección:**

**Data:** 09/07/1974

**De:**

Francisco Fernández del Riego;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Velázquez Moreno, 36, 1º (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e o membrete:]

**Temáticas:**

*Comunicacións mesturadas*; Artes; Artes visuais; Literatura; Medios de comunicación; Prensa escrita;

**Mencionados:**

Xesús Alonso Montero; Valentín Fernández; Evelina Hervella; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

### **Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 09/07/1974**

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO/ABOGADO/VELÁZQUEZ MORENO, 36 1º/  
Teléfonos{17463-13770/VIGO  
9-xulio-1974  
Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta do día 15 de xunio derradeiro e máis o traballo pra Grial, que se publicará no próximo número. Coido que se trata dun tema moi interesante, pois deica agora que eu seipa, ninguén se ocupou del. A xente nova poderá ter así unha idea crara sobre da pintura mural realizada por artistas galegos. Traballos como éste son, ao meu ver, dunha grande utilidade porque revelan unha faceta da nosa cultura case desconocida polas xentes de agora.

Non sei quen pode ser o autor da nota encol de Comunicacions mesturadas que se publicou en Informaciones. Pero millor é que non se seipa, porque evidencia que o libro causou impacto mesmo en persoas que non están vencelladas ao noso labor, pero que saben valoralo.

Xa vexo que, como decote, sigues a traballar con entusiasmo e coa proiección universal que ven caracterizando á tua obra. O feito alédame moito, como podes supoñer.

Nós estamos pasando o vran en Praia América, como todos os anos. Craro que o meu veraneo é moi limitado, pois redúcese aos sábados e aos domingos. Pero de calquer xeito supón unha fuxida do ambiente agobiante do inverno. Por certo que tamén está pasando aquí o mes de agosto coa súa familia, é Alonso Montero.

Non sei si, ao cabo, fixo a Galicia o viaxe de que me falas o prohome Valentín. Eu nada soupen deica agora de que arribara a estas terras. Craro é que non ha ser a min a quen visite, como é natural.

Nada novo teño que che comunicar. As cousas siguen máis ou menos o mesmo que cando ti estiveche por aquí.

Garimosos saúdos a Maruxa, de Evely pra os dous e pra ti a cordial aperta de sempre de Paco

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.